

Barro en imaxes



Arquivo Reinaldo



Índice

Presentación	6
A paisaxe	8
O agro	14
O gando	18
A locomoción	24
Os oficios e os traballos	30
Os deportes e o lecer	40
A música	46
As liturxias	54
As familias e as celebracións.....	64
O decorrer da vida	74



As vellas fotografías, esquecidas en álbumes ou agachadas no caixón do chineiro dos avós, como os libros, agardan por unha ollada, por unha mirada, que as recorra, que as descubra. Son como tesouros do tempo que desafían a un mundo rexido polo cambio constante, imaxes entrañables, fetiches máxicos que nos fan lembrar quen fomos para descubriremos o que somos. Conscientes de que aos poucos vaixe esvaíndo co recordo dos nosos maiores parte da nosa identidade, dende a Asociación Cultural Barosa queremos lembrar a través da recuperación do arquivo fotográfico persoal de Reinaldo Constenla, as pegadas da vida rural no Concello de Barro. A obra que presentamos é a mirada en branco e negro dun fotógrafo de aldea que, facendo o seu traballo "ao xeito do corpo", foi notario involuntario do mundo no que lle tocou vivir, todo un universo que tiña diante dos ollos.

Reinaldo, enriba dunha moto, e coa súa Rolleiflex colgada ao pescozo, saía á pescuda de imaxes como o home de lata deambulando polas correioiras da aldea de Oz capturando os tempos da vida; do anecdótico, dende botar unha cunca de caldo ao transcendente dun retrato solemne de Primeira Comunión. A súa figura feble era tan coñecida e frecuente que moitas veces a xente esquecíase e non se decatara de que estaba alí, ou posaba para el sen reservas, coa espontaneidade de quen está en contacto co familiar. Así fotografou o que xa non se pode

fotografar hoxe: nenos xogando nos camiños, vellos á raxeira, mulleres pacendo vacas ou vindo da fonte cun balde de auga na cabeza. Tamén descubrimos fotos íntimas, da familia e dos amigos, estampas de vida que se perdían anónimas noutras casas e que na del quedaban retratadas como nun cadro impresionista. Nestas instantáneas deixase levar polo sentimento tras o obxectivo, non se mantén á marxe e, por veces, sorpréndenos incluso con algún autorretrato de rostro circunspecto mesturado entre un grupo en celebración. Así, transmítenos unha imaxe variada pero sen estereotipos deliberados, inxenua, fresca e sempre chea de interese que nos aporta a crónica íntima do devir polas distintas parroquias do concello. Sorpréndenos con imaxes furtivas, escenas inesperadas que rachan coa estética fotográfica de encadres e composicións elaboradas de moda naquel tempo, e achégase máis ao sentimento da vida sen escenarios nin artificios, tal como se mostra a cotío.

Centrado nos anos cincuenta e sesenta, retrata a transformación dun país cheo de fame, restricións e estraperlo, noutro que xurde entre a fartura dos cartos da emigración e a necesidade de sacudirse os complexos para parecer e ser diferentes. Sen ter

vocación nin intención documental deixou testemuña do cambio no rural, do uso dos espazos colectivos de traballo en muiñadas, segas ou esfoladas, da sucesión das modas de vestir dos mozos, das farturas nas romarías, dos bailes e das festas rachadas, dos inventos do visionario local,... ou simplemente dos tipos populares que frecuentaban Barro; a peixeira, o afiadador e os titiriteiros. O fondo documental deste arquivo é o testemuño privilexiado dun tempo que non volverá, capturado nun momento de cambio decisivo, imprescindible para recuperar e valorar a nosa identidade, e convidanos a facer unha viaxe baixo a carapa dunha xeografía física e humana xa esquecida, agachada tras un chisco de cámara momentáneo.



Ao seu pesar, a súa fotografía ten conciencia social, non teatraliza escenas, non recrea a vida senón que reflicte o que el mesmo vivía. Sen dúbida falan as fotografías, non o fotógrafo. Polo tanto, sen el mesmo sabelo, a obra fotográfica de Reinaldo estaría máis en sintonía coa sensibilidade de Manuel Ferrol que coa elegancia clásica e distante de Virxilio Viéitez pois, mostráanos o contido dun arquivo case que íntimo, cheo de memoria e emoción.



A escenografía natural do agro preséntanos a realidade limpa e espontánea sen máis tratamento que atopar a oportunidade de capturar a maxia no momento preciso, como a do grupo preparado para sulfatar as viñas da Casa do Banco, desinhibido e en total complicidade co fotógrafo, o da esfolia do millo ao pé da cabana na eira da casa familiar dos Constenla, e o da malladoira da palla do froito miúdo preparando os monllos de colmo que se utilizarían para queimar os porcos na matanza ou para facer a cama do bagazo no proceso de destilación da augardente.





Levar as vacas a pacer era un traballo de tempo, paciencia e de longo percorrido segundo onde estiveran as fincas propias. Afortunadamente había o costume de que a partires de abril o agro de moitas fincas facíase común, ceibábanse as vacas, e podían andar todo a oito mentres non se votara ao millo ou non estiveran plantadas con herba de Vigo. Os pastos de Valbón, e os que había preto do antigo aserradeiro da Portela guiábanse por este costume.

Edición	Asociación Cultural Barosa
Patrocinio	Consellaría de Innovación e Industria, Dirección Xeral de Turismo
Coordinación	M ^º Xesús Castro Calviño
Investigación e textos	Emma Tilves Pazos
Revisión lingüística	Salvador Castro Otero Maisu Quintillán González
Documentación	Dorinda García Ruibal Xesús Rodríguez Castro Roberto Rivas Reboredo Francisco Remiseiro
Deseño e maquetación	Asociación Cultural Barosa Francisco Ameixeiras Sánchez
Impresión e acabamento	Promocións Culturais Galegas, S. A.
Agradecementos	Carmen Fontán Beloso María Outón Fernández Manuel Monteagudo Tomás Massó Bolibar Fernando Rivadulla Familia Constenla Fontán

© desta edición, Asociación Cultural Barosa
© dos textos, Emma Tilves Pazos
ISBN 978-84-613-3029-4

Impreso en Galicia, 2008

Todos os dereitos reservados. Non se permite a reprodución total ou parcial deste libro, nin a súa transformación a ningún sistema de almacenamento de datos, nin a súa transmisión en calquera forma ou por calquera medio, en ningún prazo, por ningún da Asociación Cultural Barosa.